

**XVII Festival da Poesia no Condado / Salvaterra de Minho.
Setembro 2003**

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

XVII Festival da Poesia no Condado / Salvaterra de Minho. Setembro 2003 (2013 [2003]).
Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Deportiva Condado. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1881>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal


XVII Festival da Poesia no Condado / Salvaterra de Minho. Setembro 2003 (2003).
Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Deportiva Condado.

* Edición dispoñíbel desde o 5 de abril de 2013 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

VERBAS PARA NOM ESQUECER ...

NON A
GUERRA

NUNCA
MAIS



XVII FESTIVAL DA POESIA

SALVATERRA DE MINHO
DO 3 O 6 DE SEPTEMBRO 2003


S.C.D. CONDADO

www.festivaldapoesia.org

**VERBAS PARA NOM
ESQUECER ...**

NON A
GUERRA

NUNCA
MAIS



XVII FESTIVAL DA POESIA

SALVATERRA DE MINHO
DO 3 O 6 DE SEPTEMBRO 2003

LIMIAR



EDIÇOM: Sociedade Cultural e Deportiva Codado

COORDENAÇOM: S.C.D. Condado

MAQUETAÇOM: Nolim
Iria Bertolo Sanjuán

PORTADA: Zacarías Castro

AGRADECIMENTO: Adegas "AS LAXAS"

PROMOVE: Granxa Fillaboa S.A. E
Adegas Galegas S.A.

COLABORA: Concello de Salvaterra de Minho

IMPRIME: Gráficas Anduriña

D. LEGAL: PO: 315-2003

LIMIAR

A irmandade do poema

¿Quen é ollo de arcea
e quen radar do medo?

Os irmáns. ¡Son as irmás!

¿Quen é quen de vivir
no sudario da fraga,
no farrapo da terra,
na lucente arañeira?

Os irmáns. ¡Son as irmás!

¿Quen é quen de escandir
a carraxe do mar,
quen arrandea
na gaiola baleira?

Os irmáns. ¡Son as irmás!

¿Quen é flor de sal
na bocha da ferida?

¿Quen raia o día, quen alampa,
quen neva na bola de cristal?

Os irmáns. ¡Son as irmás!

¿Quen vai ao remo,
quen alinda as nubes,
quen rima chuvia
no coiro do silencio?

Os irmáns. ¡Son as irmás!

¿Quen aboia un sorriso
no amargo do ámbar,
quen pon un loureiro á porta
cando todas se fechan?

Aquí están. Os irmáns. ¡Son as irmás!

Manuel Rivas
(16 de xuño do 2003)

PRESENTAZON



INTRODUÇÃO

...Os versos dislocan, esbaran, rompen, rachan, proclamam, inventan, distenden, confunden, rebulen, estoupan... todo o mundo e todas as cousas. Os diceses humanos non poden estar conformes...

Xosé Ramón Peña - 2º Festival

...A festa que cada ano o Condado adica á poesía nom é unha festa neutral, leva dentro de sí a solidariedade coa fala, as raíces, o futuro...

Víctor F. Freixanes - 3º Festival

...Non sei se vos decatades de que a poesía galega é o único territorio de Galiza que acodou a independencia...

Méndez Ferrín - 4º Festival

...Por mui ruin que veña o tempo sempre e tempo de dicir independencia, nós, terra ceibe, amor, lecer, liberdade...

G. Luca de Tena - 5º Festival

...Na primavera na que a labaza en froil escomence a arumear no mundo da Fisterra, os ananos de Celso Emilio escomenzarán a ser mitoloxía...

X.A. Suárez

...Que se acatelem os vermes que os melhores homens nao estao dispostos a morrer...

Viale Moutinho - 7º Festival

...Libertade que sentimos hoxe aquí, libertade que construímos ó agarrar o ideárium fragmentado da independencia para o socialismo...

Marga Ledo Andino - 8º Festival

...Pechade as vosas orellas, coma os mariñeiros de Ulises, ás sereas da palabra demasiado tensa dos versos, as sereas da independencia que se esconden nas illas do socialismo...

Dario Xohán Cabana - 9º Festival

...Un poeta negro dixo que a revolución nom será televi-sada... Quería dicir que a revolución (a poesía, a ternura, a ausencia da miseria, o reino da libertade) é un acto individual de conciencia e reflexión colectiva que nom cabe nas pantallas da T.V.

A.R. Reixa - 10º Festival

...Todo canto se faga a prol da poesía é, xa que logo, un acto de suversión e resistencia. Este festival de Salvaterra así ten que ser entendido...

Manuel María - 11º Festival

...Nom te mires no expelho dos outros se te queres reconhecere. Ti es Ninguém contra Polifemo, razón contra a sem razón, fragrância permanente, persistência no ser...

Claudio Lopez Garrido - 12º Festival

...Poesía en liberdade en Salvaterra, no festival do Condado, onde ano tras ano ainda acontece o milagre...

Miguel Anxo Fernán-Vello - 13º Festival

...Ser insubmiso na Galiza é un claro compromiso de desobediencia o colonizador...

Roberto Vidal Bolaño - 14º Festival

...En fin, o galego (idioma) pervivirá se é necesario. Esa necesidade é a que compre procurar, a liña a seguir...

María Xosé Queizán - 15º Festival

...O projecto da globalización neoliberal implica que unha quinta parte da poboación do planeta vivirá na opulencia, por enquanto as quatro restantes ficarao condenada a mais dura luita pela sobrevivência...

Carlos Taibo - 16º Festival

GALIZA





Marcos Abalde

Pariram-te em Vigo. O pássaro estava decapitado entre os chanços. Nom puideches evitar adentrar-te no labirinto da bágoa. Trás a barricada dos sonhos, a pesar da mortífera onda expansiva deste mundo obrigatório que nos querem impor, resiste. Resistimos.

Nacionalidade: estrangeiro.

Ocupaçom: assassino de icebergs.

Morreches em Vilanova dos Infantes em Sárdoma ou em Seraogna.

Estado civil: viúvo.

reflexo da rosa triturada
bico a fronte de suor amarga dos meninhos
que tremem sonhando nos sumidoiros com pomelos doces de mans suaves e abertas ao
alouminho
que ninguém!
que ninguém se atreva!
que ninguém se atreva a dizer que existiu alguma vez um menino pobre sobre esta
terra!

pobre
pobre é o filho da grande puta das desesperanças que aforca o céu entre os raivosos
dentes de ódio
que escurecem a total escuridade
de asfalto de pedra de ferro de noite de lua crevada
cruzificando baixo o sol desértico da indiferência
aos querubíns
que arrastam os seus pés de neve
polo cárcere salouco das cidades de lixo e esterco
fechadas ao sorriso dos que dormem
indolentes
tragando-se o seu próprio embigo
nesta beira do inferno
as cuncas dos seus olhos som de areia
as suas almas umha ferida imensa de ermos infinito
os seus coraçõs umha póla seca que morta
cae
escochada polo vento
sempre florido do pássaro
sem pátria sem céu e sem mar
que ceiba o seu canto lene
de constelaçõs latejante
no arrepiante abismo que de morte e baleiro se lhes abre insaciável entre costela e costela

som a sombra da tua liberdade
meu irmao
som a soidade da música intangível da flor
som o recolector da pureza do alustro de penas

já nom podo mais
e encho de pólvora esta visom da destrucçom da luz
que alguém me desperte já nom podo mais!

escuito trás o muro a um menino que nom deixa de chorar
o menino nom deixa de chorar nom deixa de chorar

meu menino
nom deixa de chorar

e
eu
nom
Podo
mais
que
botar
Me
a
cho
Rar

um enxame de touros
esurdecedor tropel do funesto

vós fostes vós
esurdecedor tropel do funesto
ao arrabaldo luz alma pomba
negra ferida
até à mama seca do cadáver
fitado de encrucilhadas
e das crevadas presenças
brutal perenne pisada poerenta
vós contra as maos que berram

SOCORRO

e a caveira aí sem pele translúcida esquecer espanto

nem leite nem braços
nem ar carente de láios
rigidez de formigom
ou cuitelo de nuvens edifício
amarga fouçanha de rua
de piquirrichinhas lenes bocas dos meninos
que chucham as industriais solas riladoras da opressom progresso
obrigando-nos a devorar em rebanadas
o/g/e/n/o/c/i/d/i/o/
e a derradeira pinga de sangue mistura de sombra
da pomba seca de luz morta

pastarám os boitres nos vossos olhos
mentres na vossa pele quedem couraças
e bozais nos vossos beijos de giada
quebrade a ferruge que em cavorcos

vos afondam no mais escuro estrondo
fazendo que desde o profundo da alma
rilhando até aos miudinhos poros nasçam
amargos colibrís de frio luto

nom deixedes cair as fechaduras
nas vossas caras porque as escaleiras
feitas están sobre fechadas tumbas

que nom poderedes mover se ergueitas
nom tendes as pálpebras contra o nunca
a clara pomba abrirá a primavera



Samuel Solleiro

Nacim en Tui na primavera de 1982. Passou o tempo e voltei ao mundo en decembro de 2001 quando saí do prelo *Elexías a Deus e ao Diaño* (Xerais), que é o meu primeiro libro e ao mesmo tempo o último. Recebim tamén algun premio literario que me ajudou a non morrer de fame nos longos invernos.

E así sucesivamente.

Às veces sinto a necesidade de matar, correr espido ou falar con as estrelas, entón escribo un poema e felicito-me pola minha prudencia.

Ponto. Há séculos que che devo poemas.
Há séculos que trago as palavras que nom falam de sangue
e que nom me resigno às flores desalojadas.
Mas já está. Arrenego da minha gorja para sempre.
É a factura do meu silêncio teorizante.

Ponto.
(Resumo de todos os pontos do universo).
Ponto.

Direi-che que tês beijos de planta carnívora,
e que tês em cada olho um livro quase
fechado de tam aberto.
Mereces mil vezes que me esqueça do mundo.

Sabes que é mais difícil explicar o amor do que a morte?
Sabes que é alentador o crescimento de pelos e unhas
ainda que nom sirva como prova de vida?
Sabes que o três é um número mágico?
Mereces mil vezes que me esqueça do mundo.
Mereces mil vezes que me esqueça do mundo.
Mereces mil vezes que me esqueça do mundo.

Mundo azul como umha laranja

Mentir

é a colherada de azeite que nos fica.

Algo assi como falar de tuberias ou de mitologia suméria

e foder com os crocodilos nos jardins colgantes de Babilónia.

Porque a realidade está cada dia mais perto do final dos olhos dos peixes

e os poetas berram cada noite que o mundo nom é azul como umha laranja.

Há umha árvore.

Há umha cançom com as pernas abertas mui abertas.

Há um convidado à minha mesa com oito gorjas para comer por doze.

Som sonhos que me fizeram perder a amabilidade.

Toca-a outra vez, Sam, dim-me. E toco-a

umha e outra vez até que os anos deixan de passar.

Mas eu nom som dos que quedan bem com os fabricantes de jornais

e se algumha vez convido um poeta à minha mesa

sorprendo a sua respiraçom com umha formosa laranja azul.

Na minha casa só entra a vida em qualquer das suas múltiples formas.

Na minha casa só entra a vida em qualquer das suas múltiples cores.


Há no mundo muito que arranjar?

Há. No mundo há que arranja-lo tudo e nom o deixar de arranjar nunca. Nom se poden baixar os desparafusadores e caminhar cara ao jacuzzi com aspecto canso e um suspiro de satisfagom, porque acontece que o mundo deixa de dar voltas e aparecem aranhas debaixo de África. Todos os dias há que pôr algum cravo. Fugir do fundamentalismo do encrucilhado. É a clave. Mas para arranjar o mundo há que pôr os pontos nos is, abrir todos os guarda-chuvas, dizer isto paga a pena, isto nom. Ela comparte o mundo comigo e parece que nom, mas isso sempre ajuda. E no andar de abaixo seguem a cortar línguas.

Porque há cinco classes fundamentais de ser humano que som, a saber, os que estão por cima do bem e do mal, os que estão por cima do bem e por baixo do mal, os que estão por baixo do bem e por cima do mal, os que estão por baixo do bem e mais do mal e os que miram aos olhos fixamente como se fossem espinhas de abril, e somente esta última classe mereceria multiplicar-se pola terra em diante se as cousas fossem como deveriam ser.

E nom há ferida que nom se poida resolver com cuspe.

E seguimos aqui com os fígados à espreita.



Roi Vidal

Nacín en Compostela o derradeiro día do mes de Agosto do 1982, e rapidamente fun felicitar á teta de miña nai, que me pariu despois de dous abortos; díxenlle: ¡Á terceira foi a vencida! mamá! Co paso dos anos crecín sen sabelo e agora posúo unha longa traxectoria de emborradadas libretas e xa teño bastante experiencia en encher con papeis caixóns valeiros. Os anos pasaron, e eu non sei se crecín.

Reflexión lunática sincera

Morre de novo o cénit desa lene nota musical
que de durmir ao vento aberto
ficou xa para sempre soia sen voz nen silencios

os derradeiros dictadores enúncianse en tempo presente
a vida non é ese continuum tranquilo do que algúns fan extravagantes resonancias
a vida é un de novo a camiñar
saír do sitio onde un inverna
toda a vida
toda a vida
toda a vida
sorrindo
Subindo
berrando
morrendo toda a vida

voltaremos a falar de países de curutos imponsíbeis
de lonxanos horizontes onde o sol se agocha cada noite
cada noite
cada noite
cada noite
entrevístome coa lúa cada noite

onte díxome que non pode aturar máis non pode darnos as costas
e que eu estaba moi pouco utópico ultimamente

que eu estaba tan pouco utópico ultimamente...

II-A escuridade reflexada nun silencio espeso

A escuridade
reflexada
nun silencio espeso

espeso de sombras
espeso de sordas
espeso de mudas bágoas estériles coma lóstrego de xeo

intuición invisible dun sen fin de berros libres coma puños no ceo

se houberse unha luz entolecida que nos abrise o paso!
un apotegma sincero tal desexos de neno!

pero os vagalumes extínguense
engúleos a tebra
ignorán a súa urxencia
quédanse durmidos
toman o licor-café na area
ou simplemente
non fan acto de presenza
cando cai o sol
e a morte mata

e a morte
mata
necrófila

víctimas
culpábeis
de inocencia



Salvador Calderón de Anta

Nasceu o 6 de Junho de 1978 em Valhadolide. Como qualquer humano foi condenado por essa data: nasceu durante o Campeonato Mundial da Argentina, na madrugada da noite em que a sua mãe viu *2001: uma odisseia no espaço*, de Stanley Kubrick. Não pode ser estranho, pois, que nunca se liberasse das influências maléficas do futebol e do cinema.

A sua infância e adolescência transcorreram entre os dois únicos bairros que conheceu antes de converter-se em Licenciado em Filologia Hispánica. Nessa época já tinha peregrinado tanto a Santiago de Compostela quanto ao Quartier de Batignolles do Santo Bebedor sem ter em conta que houvesse nessa atitude indício nenhum de paradoxo. Do mesmo jeito, também não achou contradições na aprendizagem de outros vícios (basicamente tocar violão-blues e escrever poemas bastante sentimentais).

Foi então quando chegou a Coimbra a estudar durante mais um ano e descobrir que era certo, sim, era capaz de sentir-se plenamente peninsular. Lá conheceu o seu pseudo-heterónimo João Alves Silvestre, poeta esquisito e simples com quem perdeu tanto tempo a adivinhar as razões das mudanças da luz nas fachadas dos prédios. O resultado da sua pesquisa está bem presente nestes poemas. Ambos também foram juntos conhecer a cálida Goiânia, no Vasto-Brasil, e voltaram muito felizes por ter experimentado uma mudança de hemisfério e de continente ao mesmo tempo.

O Salvador continua ainda a pesquisar na universidade procurando talvez um quimérico doutoramento. Por enquanto, só tem publicado um livro de poemas que foi premiado no “I Concurso Jóvenes Poetas de Valladolid”. Mas está certo de que no longo e incómodo caminho da literatura o cansaço não vai triunfar assim tão facilmente. O Joao...., bom, está aqui e agora com vocês.

ALGUNS POEMAS DE JOÃO ALVES SILVESTRE

I

Desde meu faro vejo,
Leio as correntes a bater
Embrutecidas
Nas pontes silenciosas, ouço as árvores
Dançar inutilmente
E adormeço sem saber
Querer averiguar que aconteceu.

Desde meu faro conto
Às formigas
Os desejos calmos de um viajante
Aliás inencontrável.

II

A minha
Economia são os passeios
Lentos pelo cais das cores desfeitas.
A minha academia,
O sal.
Como in-ideias e desço
Os degraus acumulados por baleias seculares
E trovões de vozes até a casa
Desmaiada que habito
Só.

E não pretendo

III

A verdadeira liberdade não tem pátria
Nem filhos. É cinzenta
E quotidiana, mas creram-na gigante
E corajosa.
Aparece sozinha e quando fala
Não promete discursos. Vai-se devagar
Como um charuto nu na mão a desfazer-se.

IV

Afirmo-me sendo
Existência vagarosa
De um vento
Que foi, o seu
Resistir à morte
Enquanto fumo.

V

São os frágeis minutos
Convertidos
Na escadaria em desordem de um relógio.
São os passados os certos,
Os outros e os possíveis-
A descer. Uma intervenção
De verdades históricas
Disfarçadas de eventos accidentais-
De uma outra vida.

VI

A Mário Quintana

Está tudo em ordem.
Nesta disposição tão normal
Quanto esquisita (tão esquisitas quanto simples,
também,
A Física e a Filosofia, parafusos universais).
Está tudo em ordem e são incompreensíveis
O chão, a mesa, a luz,
O barulho dos carros-cães lá fora.

Pronto, isto é que é o mundo.
Pergunto-me se é assim tão maravilhoso
E fala então a boca
Vazia da gaveta.



Daniel Salgado

cativo apuntamento verbo dos outros

Aínda non posúo case ningunha proba de que os individuos existamos. Somos, máis que nós propios, o libro acabado de pechar, o penúltimo filme, unha manifestación contra o imperialismo, o café de pola mañá e o churrasco do sábado na ribeira, un monllo de cancións predilectas ou o compañeiro de piso, a clase social da que nos avergoñamos e esa amiga que agora vive en Valencia. Producidos de historia ou de loita de clases nótese xusto aquí a xínea, eghem, filosófica entre comiñas- os individuos somos moito menos do que coidamos ser. Os outros. Sempre me fallou o sentido do humor. Vaia saber vostede a conto de qué. Robbe-Grillet dixo (non vén moito ao caso pero queda quinindiola) que “se a arte é algo, é todo”. Segundo Orson Welles, enorme, o gran inimigo da arte non resulta a política, senón a neutralidade, “unha postura política como calquera outra”. A ver quen se cre Mariano Rajoy para lles emendar a plana. Pouco máis hai que contar. Se acaso que, como non canto nos Beach Boys nin nacín Brian Wilson, nacín en Monterroso a efectos administrativos. Que durante o ano no que miña nai me pariu vivían perigosamente en Nicaragua ademais-, no Vaticano houbo fumata branca por Woytijla e para o seguinte inverno morreu Thelonious Monk. E que aprendín a posibilidade do poema e da política nun verso do Celso Emilio pendurado no libro de galego de básica: “Lingua proletaria do meu pobo”.

Daniel Salgado

I

Roénos a nostalxia do que inda non foi.
Unha certa agoada
de queimarmos estradas e mans sen dar.
Prodúcenos
esa dor das unllas apuradas
abrirnos os ollos.

(ignoro
canto espacio ocupado,
canto espacio ardido precisamos,
de armalo,
para armar un mundo novo,
hoxe,
agora.
Xa)

Coa urxencia que outorgan as voces crebadas.
Coa urxencia que outorga
a historia andando.
Estudiados os ventos polas horas en pé.
O brado do silencio que sucede á manifestación.
Ouve-se o brado da terra.
Hedonismo resulta o sol coruscando.
Arte cada intre na rúa que sangra.
Medra
a ansia do poema contra os antidisturbios.
Todo sinala
un acto colectivo en prol
de xamais ficarmos sos na cidade vella.

II

Amófanse os dentes de calquera perante a violencia de días
coma este.

En novembro.

Descóbrese que agochan edificios laídos
e faces mutiladas.

Xa non sabes escoller apenas aire sen a presenza
dos compañeiros acantazados.

Qué maneiras ten de che acaer a noite
entre laios e mazaduras.

Camiñas cara ao leito.

Nin levas canda ti o ecoar que tombou a monarquía,
nin bandeiras.

Abáixache todo o que continúa á loita cabo dos amigos vivos,
coa entornadura de cousas estrañas
e ocultas en cachaporras.

III

Quen agarda xa nada deste país
tan clausurado.


Quen agarda un outono tan perfecto
ou os ollos para acollerme coma bosco nos días dourados
do outono.

E voltar cada luns tal se comezase de novo
a terra
máis puída.

(Au jour d'ui, maintenant
Éxperience

Toda a terra é dos homes
Rosalía de Castro

Temos tempo e vagar
pouco medo ás revoltas e ás demoras
Manuel Outeiriño)



Eugénio Outeiro

Nascido na Ilha de Arousa em 1976, na actualidade mora lá donde trabalhe. Começou o seu poema publicado com a revista universitária Ólisbos logo de ter dado passos no caminho literário no liceu Xunqueira I de Ponte Vedra. Licenciado em Filologia Portuguesa no 2000 em Compostela.

Na primavera do 2002 publica o seu primeiro livro, intitulado *Às vezes vida*.

a distânciA
a distância de beijo
a beijo
de carne a carne na ferida
aberta

a distância o
seu voo de
borboletA

às vezes vem no vento um assobio
fino
como um cabelo desprendido
chega-se ao ouvido
e nasce
a melodia triste de um recorde

nasce como uma árvore impossível
tenta apanhar o sol
entre as suas ramas
caem as folhas no meu cérebro
e acordam
leves ondulações na superfície

algo amolece o gelo da memória

como um latejo chegam as imagens
a percorrer depressa as auto-estradas
do vento

vejo de acima o fluxo interminável
o remoinho que me atrai

caindo

a minha mente torna página sem verso



Kiko Neves

O Condado, 1969. Tem editados “Ruído de Motos” (Ed. Letras de Cal, 1997), “Un poema de Amor” (Ed. Egasur, 1998) e “Un Baile de Moscas” (Ed. Xerais, 2001). No ano 2003 tem colaborado na escolma poética Negra Sombra, Intervención Poética Contra a Marea Negra (Ed Xerais et al., 2003) e na exposición colectiva Botella ao Mar. Participou nas edicións do ano 1995 e 2002 do Festival da Poesia do Condado.

Polo día abandona-se na inópia do seu traballo de contável. E estraga a lírica. E faltam-lhe dioptrias para ver alem das misérias de aí fora.

Pola noite, só, acougado, sorri de esguelho e mesmo tem sonhos: a República Galega, e assim.

Todo vai tan mal

Gusto da choiva
Os dias de choiva
Son os dias mais tristes.
Moitas das veces chove
Mentres viaxo nos transportes públicos.
Os transportes públicos
Gústanme.
Non hai cousa mais triste
Que viaxar nos transportes públicos
Un día que choiva.
A ventá de socorro ínzase
De pinguiñas de auga
E os meus ollos sorrín
Con folgos de mosaico.
Gusto da choiva
Cando viaxo de pé


No bus urbano
E fito cara a unha rapaza
Con uniforme de colexio privado
Que senta aburrída na última das cadeiras
Mentres ao meu carón
Báteme na cabeza o recendo reseso
Do perfume da señora do carro da compra
E sinto no cu o paráguas do home
Do peiteado graxo da garavata de loito.
Gusto da choiva.
Porque si.
Porque gris.
Porque todo é gris
E todo vai tan mal
Que logo
Axiña
Sairá un sol
Que forzará un meu sorriso
Tan falso e hipócrita
Que todo será mellor.

Fume de tabaco

A presión atmosférica baixa
debuxa estranas formas
co fume do tabaco.
Non sei por que fumo.
Comecei hai ben pouco tempo.
Aquel día,
xa era día,
o único local aberto
era unha tenda de vinte e catro horas.
Os cartos dabanme para cinco
garrafas de cervexa
ou para tres garrafas
e unha caixa pequena de bombons
ou para unha botella de whisky
barato e un rolo
de papel de cociña.
Os comercios pónenme dos nervos.
A estratexia dos trinqués
ateigados provoca comportamentos
irracionais.
É o triunfo do capitalismo.
Mercas porque si, porque están alí

as cousas,
todas esas cousas que non precisas.
Aquel día,
xa era de día, repito,
saín da tenda de vinte e catro horas
con dúas cervexas de litro
e un paquete de tabaco
rubio americano.
Lembro que sentei no adro dunha igrexa
e abrín unha das garrafas
co meu chisqueiro metálico.
"Nunca Mais".
Iso puña no meu chisqueiro
metálico.
Pasaron dous coches, tres,
e o primeiro bus urbán do día.

Catro
ou cinco persoas
quitábanse as pegadas quentes
das sabas a forza de apretar
as suas cabezas contra as ventás
de socorro.
Entón, achegouse unha rapaza.
que tal, dixo.
Ben.
Sentou comigo
dous banzos mais embaixo.
Bebimos as cervexas
e tamén prendimos dous pitos.
Nunca mais, dixo,
co meu chisqueiro na man.
Tusín e ela ríu.
Non sabes fumar.
Entre os seus peitos
a camisola enrugaba un Non à Guerra.
Mantén o fume na boca
e traga.
E así o fixen. E mesmo
poida que sorríramos.
Cando rematou a sua cervexa
marchou.
Eu fumei tres pitos máis
prendendo cada un deles ao rematar o anterior.
A miña cervexa queceu.
Ainda lle din un último grolo
e mareeime e vomitei
na escaleiras do adro daquela igrexa.
Botei de menos o rolo
de papel de cociña da tenda
de vintecatro horas.
Nunca máis, decidín,
mentres botei de menos a rapaza
do Non à Guerra.
Aparecida e desaparecida
como as estranas formas
do fume do tabaco.



Estevo Creus

Licenciado em psicologia na Univ. De Compostela, donde cursou estudos dos anos 1989 ao 1994, doutorando-se em 1997. Participou em diversas montagens cénicas do grupo de teatro TALÍA de Cee (1987-2001) “O Rei aborrecido”, “Aquí non paga ninguén”, “Fando e Lis”, “TWC”, “Soños dun seductor”, “Dakota”.

A sua primeira publicación foi em 1996 com o libro “ Poemas da cidade oculta” (Ed. Xerais) seguido em 97 do libro “Areados” prémio Miguel González Garcés de poesía e no 99 recibe o prémio Eusebio Lorenzo Baleirón de poesía com o libro “Teoría do Lugar” (Ed. Do Castro), o seu último traballo “O libro dos cans” (Retagarda Edicións) foi publicado em 2000.

É membro fundador da editorial de poesía Letra de Cal e colaborador de diversas revistas e publicacións periódicas (Dorna, A Regueifa, Un Médico).

Os seus traballos em Plástica resumem-se nas obras “ dentro caen planetas” na Facultade de Psicologia da USC, 1994, e no concello de Cee em 1995. Assim como a performance “como explicar los cuadros a una liebre muerta. Palabras para Joseph Beuys” realizada na sé da Sociedade Patafísica do Atlántico no 2000.

(cognitiva)

Que saibas que aquí gardo a marea
e vou por ti.
Que non me importa a bala que teñas elexida
nin a hora que calcules para a morte
nin a palabra que pagues no mercado para odiarme

eu vou por ti.
Xa ves
por ti.

E debes terme medo
porque aquí onde me ves
conteño a memoria do napal
e hai tempo que o ADN habita a miña escama
a golpe de big-bang
para vencerte.

Eu vou por ti

Que saibas que vou por ti
que a miña familia xace morta
alí onde ti gardas os perfumes
e os mapas monetarios
da fame, da guerra e do fueloil.
sempre correctísimos; (por certo)

Eu vou por ti.
que saibas que vou por ti e que non tes escapatoria
que levo un holocausto metido nesta aleta
e que a miña familia ¿oesme?.
a miña familia xace morta
(desangada)
no fondo do mar de Wall-street
e xa non me importa nada
Eu vou por ti
eu son o peixe morto que vai por ti
ris-ras
por ti

esperando

a ferida.

telegrama

Preveño a miña fuxida
(espanto).

Os peixes amoréanse en pequenos territorios cultivados.
Falo con eles
coa esperanza de poder transmitir
esa mesma orixe de branquias
e de estómago.

O código morse non existe.
Eu sei que non existe
porque todas as noites saco a lanterna do escritorio
e fago círculos de luz
e figuras con liñas divisorias.

Comunicarse cos semáforos
(espanto)
dicirlles o porqué de estar aquí

sobrevoando unha praza abandonada
que se asemella tanto á miña boca

(espanto)

tocar os labios dalguén
co signo da linguaxe dos signos

porque a miña lingua
está cosida con grampas
ó meu pulmón esquerdo

porque hoxe quero falar
da miña desposesión da realidade.

Da miña desposesión da realidade.

(o espanto)

(AUTORRETRATO)

Si, son un peixe. Pero entretanto habito aquí; nesta paisaxe oceánica. Este lugar onde se amplía a memoria máis etérea dos argazos, e quizais, a morte máis absoluta das especies. Pero eu, entretanto estou aquí; no medio das especies: ris-ras, ris-ras, ris-ras

esperando a ferida.

Si, eu espero a ferida. Durante moito tempo andiven pendurado dos balcóns; buscando o espacio. Daquela, o mar era unha caixa donde non se cabía, e eu pensaba, que ante todo, cabía a posibilidade de que eu fose outro animal, outro obxeto, outra semente. Pero non. Eu son un peixe. Buceo no xardín e no autobús.

Son un peixe. Nada máis que iso. Un peixe.

Ris-ras, ris-ras, ris-ras...

Esperando a ferida.

Pero aínda non sei como foi a miña transformación. Primeiro
apareceu a linguaxe, despois o signo, e por último a sintaxe confundiu o meu corpo
coa palabra, o meu sexo coa distancia, os meus ollos con mapas detallados da paisaxe.

E todo foi así:

Ris-ras ris-ras ris-ras

Como un novo holocausto entre as escamas.

Si, eu son un peixe.

Recordo a barriga do hidroavión; as nubes e as marcas na area da
caída a praia onde vin, asustado

como me medraban as patas.

e EU SEI, EU SEI

QUE Esta soedade confunde a miña aleta con todas as mazairas.

Sei que o mundo se estende ata o infinito coma a valencia dunha emoción devastadora

Un golpe, que inútil

Segue a perdurar por sempre entre os pradairos

Ris-ras ris-ras ris-ras



Brais González

Nacín un 13 de Xullo do 1988 no Condado, na parróquia de S. Estevo de Budiño, no Concello de Salceda de Caselas, agora mergúllome nunha viaxe a Bóveda, nun autobús quizabes descomunal, vello, antigo e tamén crebado, nas súas fiestras hai sangue, sangue de iñocentes, nista longa viaxe móllome do sangue de Faraldo, Reboiras, Foucellas, outros tamén esculcan un lugar tépedo de Outonos, adoro e louvo todos aqueles que deron a vida a cambio da súa (a nosa) liberdade. A moitedume dos labregos embafan un lugar preferente do vidro, os três Mártires de Sobredo, asasiñados un tal 28 de Novembro do 1922, a maos do xeral Ordoñez, sangue por terra, pola súa terra, por negárense a pagar a súa fianza de vida.

Nos faros do autobús pernocta o petróleo pra arrastre que se tende ante nós, e por vez primeira teño o peito cuberto de insígnias, a miña gorxa venvos dicir un NUNCA MAIS ferinte e rotundo. No fondo do pasigo, na fiestra traseira descubro que o cárcere non é soio pra ladróns, senon que ali dormen comunistas, republicanos, independentistas... Nistes intres creo que está penado dicir por todo o alto: ¡Galiza Ceibe! ¡Galiza Independente! E ensinar as bandeiras da Pátria.

Creo que de min xa sabedes o xusto, soio escoitádevos e me escoitaredes, cóntovos cousas mundanas, cousas sobre o feixismo, o franquismo e o fraguismo, cousas que a RTVG, Antena 3 e Cadena Cope emiten baixo o nome de democracia (dictaduras con rei).

Ao millor iste festival está prohibido, hai quen di que cando oe a palabra cultura danlle gañas de desenfundar, daquela vai ao monte e practica coas gueivotas chapapoteadas, non vaia ser que volte a dictadura e os colla sen practicar “tiro al republicano”.

Síntome orgulloso de estar co pobo ceibe, cós que eu milito como os mortos de Ferrín.

Estudo no CPI Altamira, baixo a opresión dos ministros de antes e dos de despois, que cercan as nosas liberdades e nos impide pendurar letreiros de NUNCA MAIS, NON À GUERRA, NON À LOU....

As veces, por súpetas arroutadas quer meu corazón beixar na seguinte parada, ollo que a gente non depende, pero o autobús continua e detense no primeiro punto de albergue, volto cós meus, estamos às portas do Festival da Poesía do condado.

Non sei ainda de que vou morrer

Piloto

Gardade nos ollos o gris da pedra,
as finadas miradas de esguello
ao monte que derruba en sangue.

As nubes laiarán a morte inconfesa.

Coa miña língoa que inda vos cuspe
os restos de Bóveda,
escoitade as agullas do convivir entre o mar
i rios,
sentádevos na mesma cadeira onde moitos ergueron o
puño e furon derrotados,
onde se feriu Galiza no puñado de aramios
que a paso lene aboian ao vento.
E vós, ao curuto dalgunhas illas,
e vós, no iñocente berro dos peixes;
mergullados na iauga
cecais de pedra ou carne.
Gardade os ollos ao incienso,
pró non choran os paxaros;
todos os da pequena espranza,
Acabastes.

Laxes de Irlanda.

... o único mariñeiro da letras, Bernardino Graña.

A vela escoa o silencio dos ollos náufragos
que entalan o perpetuo cofín de peñascos,
secándose nas faíscas da néboa
coma nun labrado querpúsculo de anos.

Ao lonxe as praias destelaron*,
o faro díxolle adeus con espellos
que mollados debuxaban o derradeiro retrato
do outeiro dunha nazon que conspira miúda,
aboida no atlântico.

A bordo, a chuva esnaquizou a imaxe
dun con sen nome,
e perdeuse a vixía no adentro,
perforando como o pálido peteiro da aigue.

Capitán, bágoa, tormenta, balances, naufraxio.

O mariñeiro perdeulle a direizón ao navio
borrándose do interior son de gaivotas,
de compases a traizón
elevados nas lonxegas badaladas de silencio.

Arrincou o salgado corazón mártir
pra borda de esquenzo,
perfiláronse na pupilas os rios de prata
e as ruallas últimas do porto.

Capitán, bágoa, tormenta, balances, naufraxio.

* referencia textual ao verso "cantou e no lonxe as Illas arderon" de Xosé Luís Méndez Ferrín em "Escrito na pedra" (Estirpe)



Asunción Árias

7 de Marzo de 1953. É natural de Fonteí, concello da Rúa de Valdeorras. Maestra de vocación e actualmente xubilada. Formou parte da dirección nacional da Mesa Pola Normalización Lingüística. Coordinou a campaña da recuperación do topónimo de Ourense. Fixo programas de rádio "A Fala Viva e A Voz no Tempo em Onda Cero, foi vicepresidenta da asociación ecoloxista Ridimoas. Publicou artigos de prensa no Faro de Vigo, A Voz de Galicia e La Región, así como nas revistas feministas A Festa da Palabra Silenciada e Andaina. Colaborou con outras mulleres na publicación e na revisión lingüística do libro "Novos dereitos: igualdade, diversidade e disidencia". Forma parte da asociación cultural Redes Escarlata que ben de publicar un libro de poemas de varios/as autores/as co título "xuro que non voltarei pasar fame" da editora DIFUSORA de Ourense. E fica de publicar un libro de edición propia de poemas titulado "MULLER DE VIDRO" e que distribue Ed. Grial libros.

ALQUIMIA NO CORAZÓN

Non lle poñamos escollos
ao barco denantes da súa singradura.

Hai moitos tesouros soterrados,
naufragos de tanta cobiza.

Pondo as cartas boca arriba,
xogaremos coa autenticidade
dos gardados na transparencia
do vitriolo,
o valor do corazón.

Artesa de provisión.
Onde se acubilla a orfa vida.
Engaiolada na densidade matérica.
Caixa de Pandora
da que saen as somas dos desequilibrios.

Mescalito, mescalina.

Ilusión agazapada,
tremendo do propio temor.

¡Vede!

Como o Cosmos
na súa aberta infinda
acollenos,
ao ritmo sutil
de
sístole e diástole
na diáspora da Vida
en constante transformación.

Síntese entre a
Tése
e
a
antítese
dun coñecernos
nesta viaxe cósmica
cara a Luz interior.
Transmutando
os
feridos corazóns

* Ao ouro que nin se merca nin se vende.
A OBRA do Universo. O AMOR

8 de Outubro de 2002

AO POLÉMICO EXPLORADOR DENDE A GALLAECIA
OCEÂNICA

Penduradas no íris,
As imáxes do “Capitain Planette”.

Imáxes arquivadas polas pantallas da T.V..

Formarán parte da realidade-máxica,
deste e vindeiros séculos.

O SILENCIO

A BELEZA

A BIODIVERSIDADE.

Navegando no Calipso,
tendeu pontes-culturais por todas as mares oceanas.

“ Todo ten prezo e nada ten valor ”.

Na cultura consumista-mercantil,
levando por diante a supervivencia do planeta
e
a
nosa própria vida.

Dunha supervivinte de Gaia.

“ ¡ Bon voyage Capitain! ”



Fátima Peón Torres

Naceu o 7 de xuño de 1985 en Pontevedra, e criouse na parroquia de Lourizán, aprendendo alí da mecánica dos poderosos que esmagan ós febles mediante fábricas multinacionais e ensanches de portos, tiranías municipais e despotismos políticos.

Cursou estudos de Bacharelato no instituto Sánchez Cantón e agora mesmo está a espera de comezar unha carreira universitaria na comunidade de Madrid.

Escribe poesía, prosa, teatro, e guións cinematográficos, e ó longo dos seus cursos escolares acadou diversos premios a nivel autonómico, tanto en poesía como en relato, dos que cabería salientar o Ben Veñas Maio, o Minerva, e o Manolo Lado.

En 2003 tamén resulto gañadora no XV Certame de Narración Rúa Nova, coa novela "Camposanto", que se publicará a finais de ano.

1. Xunta de Malicia

¡Veña! ¡Facédeo!
¡Que o estamos pedindo
con perversión erótica
sodomazo, finxindo
sempre o orgasmo!
¡Dádenos esa cultura
por vía intravenosa
depurada e pasada
polos aspersores
dos despachos
e a conveniencia
dos carrachos!
¡Queremos esa lingua
metida á forza
polos buracos do naris,
mesturándoa con cacolas,
mocos, sangue, e cocaína,
e viño do país!
¡Queremos ós heroes
pechados nun panteón ilustrísimo
alonzados dos cidadáns
para os que un día escribiron!
¿Castelao, Pondal, Rosalía?
¡Que ían saber eles
que rematarían
como estandarte oficial
dos caciques maiores
contra os que sempre
os vimos loitar!
E gústanos, gústanos moito
que agora sexades
maís povistas que o povo,
maís galeguistas cos outros,
e máis papistas que o papa:
nótase que espabilades
para promocionar o galego
tal cal se fose o xacobeo
lingua enxebre, lírica, riquiña,
que serve pra falar coas galiñas
e está pechada en papeis burocráticos
cando as bocas dos funcionarios
aínda son de román paladino,
¿ou debería dicir mezquino?

¡Dádenos, dádenos a lingua
por vía rectal
en concursiños para os nenos
con cerimoniais e conselleiros
e discursos farfulleiros
e cartos e mais cartos
que traedes baixo o brazo
como se os cagarades no báter
e non foran cartos dos cidadáns
que pagan contribución,
que vos votan ou non,
ou que din abba pater!
Non me dades noxo, que va,
eu tamén comulgo e como da vosá man,
que son ruin e escrava coma a que máis,
e tamén quero ir á guerra,
e tamén escribo para concursos oficiais,
e tamén voto o que hai que votar,
e tamén digo que a culpa foi do capitán,
e, polo tanto, tamén son asasina de Man.
¡Que ben facedes cando vos berran nunca
máis,
e vós dicides: máis que nunca!
Que cansos estamos algúns de ser parte
dos que non vos poden nin facer sombra,
ai, ai, ai, canto miserable
que non sabe que vós sodes
agora e sempre, a acertada resposta.

¡Queremos todo iso,
dádenos máis
que nos arrebatá o siso
tanto pracer e tanta delicia,
e tranquilos, bos carrachos,
que a pesares de todo isto
volverémosvos a votar
para a Xunta de Malicia,
que nós nunca aprendemos,
que somos o país non de nunca máis...
senón de nunca xamais
e podeades meternos tranquilamente
o garfio polo cú

que nós non temos Peter Pan!

2. Miseria da Filosofía

"Ainda que ó principio foi comprensivo coa sublevación do Exército español que encabezou o xeneral Franco, pronto a censurou públicamente: nun acto celebrado na Universidade de Salamanca, o seu comentario "venceredes, pero non convenceredes", provocou a resposta do xeneral Millán Astray, un dos sublevados: "¡Viva la muerte y muera la inteligencia!". Terminou os seus días recluído no seu domicilio de Salamanca"

-Dunha biografía enciclopédica sobre don Miguel de Unamuno.

*

"Deus morreu. Todo está permitido"

-Dostoievsky

Unha vez máis desgarran a Marx:
miseria da filosofía para curar a alma
decálogo hipócrita para a vanidade
e manifesto comunista dun capitalista.

De cantas cousas son vendidas
con oferta de oferta especial
a pares, nones ou guerras,
os gobernos as apostan.

Mercado global para traficcar con talento,
con afecto, armas, clítoris e virxindade.
Neste mundo, mundo tan xusto,
regatéase na lonxa o prezo da verdade.

O amor é cocaína.

E a tele compañía
e a música industria
e engordar pecado capital,
o sexo está en cada rúa
disfrazado como o queiras máis
disposto a abrirse de pernas
se tes algo que mutilar.
Beber é ser feliz
fumar, exercer democracia
matar, facer xustiza.
A fin do mundo é
cada fin de semana.
Amar é condenarse
ser honesto, utopía
facerse *paghas*, educarse
intelixencia, miseria...
da filosofía.

Deixemos a un lado as inqedanzas dos sabios
que só provocan epidemias de tristura,
queimade os libros, comrade aparatos
que nos axexa o dorniúrgo da amargura.
¡E somos mellores!

¡Mellores somos se nos chamamos realistas!
Que utopía é poesía e cousas de *mariquitas*
e tolos e borrachos e roxos e anarquistas.
Parvadas, mellor xigantes e cabezudos,
férreas verdades, verdades e dereitas,
¡Autoproclamámonos divorciados de Unamuno!
¡General Millán Astray, te saludamos:
Viva la Muerte, muera la Inteligencia!
Que ben fai Deus en unirse ó Xeneral
e mandar apodrecer a eses herexes:
o Bando Vencido, patético e irreal
inimigo do sistema, esquecido a criar vermes.

Somos un orballo de tempo sobre a cidade.
¿Non cren que cecais vivimos enganados?
Pode que o demiúrgo non sexa o deus da bondade
e o que temos polo demo sexa o auténtico destronado.

Se non, non me explico por que Deus sempre comulgou
cos que máis almas lle mandaron (vémonos, Ariel Sharon)

Oh, Bo Deus, de paz, perdón, amor,
cantos no teu nome xa levan paseados!

Por iso, coñecendo certas cousas,
os capitalistas firman estes manifestos
non con sangue nin fervor guerreiro,
senón con kalimocho e raias de coca.

¿¡Así que vos estrana que eu queira ser coma vós
darne ó amor cocainómano, e a tele de compañía
e ó sexo por sexo pra esquecer a dor!?
Somos, sobre cidade, un orballo de alcol.

Penso que a estas alturas desgarei a Marx,
a Curros, Daniel, Ernesto, e papá.
Pecharei os ollos e veremos se é que o futuro
non garda un demo que se fai demiúrgo.

O día que morra a miseria,
que o Terror quede durmido,
o día que Deus non exista,
(con permiso, Dostoievsky)
todo estará permitido.
Comprenderemos entón
por qué estamos vencidos,
pero non convencidos
sobre as faias da razón.
E cun pouco de filosofía
nos ha perdoar Unamuno
nos ha perdoar Marx,
deixarán de caer
orballos e castigos
sobre a cidade irreal...

Resucitaremos, por favor, por fin, ó Bando Vencido



MARGA LEDO ANDIÓN

Dende a publicación da novela “Porta Blindada” (1990) e da recolla de relatos “Historias como Barcelona” (1992), a obra literaria é circunstancial, para homenaxes a amigos como Manuel María: o relato “A Maleta de Marsella”, ou para apoio de organizacións políticas: “Madalena, 14” editado polo BNG, ou, agora, para “Burla Negra” (poe-poema) ou Antón Avilés de Taramancos (Ele dixo). Estou dirixindio a miña primeira longametraxe, “Santa Liberdade” a partir dunha acción contra Franco e Salazar, protagonizada no 1961 polo DRIL: a toma do trasatlántico Santa maría. Ao fronte da operación, con Galvão, dous galegos. Pepe Velo e o comandante Soutomaor.

Poe-poema


branca por dentro
negra por fóra
roxa por dentro
negra por fóra
roxa por dentro
rota por fóra
roxa por dentro
roxa por fóra

Ele dixo

... pois a camélia existe ao dicer o seu nome,
In As Torres do Ar

Ele dixo que o xaguar prefere carne doce e que a carne de negro é carne doce. Ele dixo que admiraba a súa liberdade. Ele díxolle non deixes que na madrugada morra de frío ese paxariño. Ele díxo que atravesara a sabá de Castela *absorto entre as anémonas*. Ele díxolle necesito un pouco de sosego. Ele quixo gardar un pano que tiña algunhas bágoas. Ele agasalloulle un paxaro branco que lle coupo xusto en pechando o puño- na cunca da man.

Ele dixo: cómpre matar a <<Superman>>.



Mª Sárria

Fiz Vergara Vilariño naceu en Santalla de Lóuzara no 1953. Formou parte do grupo poético *Cravo Fondo*. En 1971 publicou o seu primeiro libro de poemas *Pra Vós*. A este seguiron *Encontro cos tiburós* (1973), *Orfo de ti en terra adentro* (1976), *Poeta muiñeiro á deriva* (1983), *Nos eidos da bremanza* (1990), *Pastora de sorrisos* (1993). Póstumamente publicouse *Animal sen fel* (1998)

OFRENDA

Estas sopas de burro canso tal vez me dean vida
para seguir a tomballóns o meu carreiro
sen embelear nos petoutos seguios
nin feri-lo peello nas silvas machas.

Pois estas sopas foron feitas a conciencia
con viño novo de uvas acedas,
adoubadas foron con zucre cubano
e pan centeo amasado en sudas.

¿Daranme vida estas sopas de burro canso...?

Tómandoas estou, grolo a grolo,
e convídvos a tomalas comigo.
Na miña casa hai mesotes baleiros

e hai coitelos afiados, agardándavos,
e hai moletes de pan trigo sen encetar, agardándovos,
e hai moletes de pan trigo sen encetar, agardándovos.

¡Moito vos quero, anque moitas veces ferísdeme moito
ó pasar!

Oxalá me dean vida estas sopas de burro canso
para sentirme feliz na vosa compañía
ofrecendóvol-lo corazón faragulla a faragulla,
nun continuo brindis de viño novo e alboradas!.



Miguel Anxo Fernán-Vello

Nascido em Cospeito (Lugo) em 1958. Participou no anterior livro na apresentação e em anteriores edições do Festival da Poesia do Condado como o que é, poeta, dramaturgo, editor. Actualmente a sua labor cara as novas poetisas e poetas desde a Editorial Espiral Maior é prova da sua inequívoca carreira na defesa da cultura galega desde a vertente literária.

As suas obras são:

“Do desexo en corpo e sombra” em 1984

“Seivas de amor e tránsito” em 1984

“Memorial de brancura” em 1985

“Entre água e fogo” “ Cantos da terra posuida” em 1987

“Trópico de luas” em 1992

“Poemas da lenta nudez” em 1994

“As certezas do clima” em 1996

“Poemas” em 1999

OS QUE QUEREN A PAZ

OS que soñan unha patria de árbores antigas
e o sol treme na seiva como unha chama verde
inaugurando a luz dos campos.

Os que teñen o mar prendido nos seus ollos
e len no vento a rota invisíbel dunha estrela
que anuncia a exhalación do norte.


Os que cantan na hora central dos días
ternura necesaria de palabras de arxila
contra a forma metálica do medo,
contra o pozo que sobe como un fío de pedra
amordazando a auga.


Os que procuran a suave dirección dos mences
e furan na códea do silencio o brillo azul,
a casa do horizonte construindo outra luz,
a brisa xerminal que acende o corazón da flor.

Os que saben na altura da memoria
medir o verso humano do futuro:
a terra libre que clamou tanto sangue,
o astro firme na voz que foi semente,
a condición do amor orientando as raíces,
a cantiga que eleva a lucidez do mundo.

Contra a dor ancorada no remuíño escuro do tempo,
contra o arame negro que transita a pobreza,
contra a fame sonámbula vaciada na noite,
contra o terror que arde na historia repetida,
os que queren a paz fenden o duro muro da paciencia
e avanza arborecendo a liberdade,
medrando como un río de palabras que ferven,
armados como o vento que asubía triunfante
sobre o férrido pedernal
que derrubou
a primeira hora liberada do abrente.

EUSKADI





Jon Etxeandia Zorroza

Bilbo 1962

Poeta, jornalista, editor. É professor de Euskera e tem traduzido trabalhos a Antom Garcia Matos.

No ano 2001, coincidindo com a sua saída de prisão, publica “Kartzelako lanak”.

(Trabalhos no cárcere). Trabalho no que se recolhem poemas, crónicas, contos e artigos escritos ao longo do seu cautério (1983 2001).

Apresentamos aqui os poemas “Isolamendua” e “Egunsentian” desta obra.

Isolamendua

Hemen ez da
maitasunezko arratsalde morerik
eta gau batzutan
Soilik
izarren medioz
elkar maitatzen dugu.

.....

Jakin nahi nuke
zein kolorez imaginatzen duzun
isolamendua
zuri ala beltzez.
Ez du axola.
Ez nazazu sekulan bakarrik utz!!

.....

Naufragoak gara,
naufragoak
amets orokor baten
bakardadean.

(1986)

Isolamento

Aqui não há

tardes violetas de amor
e unicamente
algumas noites nos amamos
a través das estrelas

.....

Quisera saber
de que cor imaginas
o isolamento,
se branco,
se preto.
Não importa
Não me deixes nunca só.

.....

Somos náufragos,
Náufragos
na solidão de um sonho
colectivo

(1986)

Egunsentian

Gaueko patrullak gasolindegira sartzen dira
errelebuaren tenorea beltzear
eta begi dirdiratsuek
ordua so dagite
erloju digitaletan
Egun lainotsu gaurkoa
zakarra da armen hotsa
baina hegazka
urruti doa pentsamendua
mailuak burdina lantzen duan bitartez.


(1986)


Ao Amanhecer

As patrulhas nocturnas entram na gasoleira
no entanto uns olhos brilhantes
miram as horas
em relógios digitais
O dia está nublado
É ronco o ruído das armas
mas voando
o pensamento avança cara a
longitude,
e no entanto
o martelo trabalha o ferro.

(1986)

PORTUGAL





Ana Silva Faria

Nascida em Lisboa, de mãe angolana e pai minhoto. Frequentou Biologia na Universidade de Évora, onde edita uma revista de poesia de distribuição gratuita.

De regresso a Lisboa concorreu e participou na revista 51 da Livraria Barata.

Hoje trabalha numa livraria, estuda Antropologia, escreve e participa na fanzine "o viado".

- o livro que não te escrevi -

não há hora de pôr-o-sol
nem tempo de vendaval
nem pudins verdes e cor
nem domingos em dias de terças
nem som
nem luz
nem dedos dos pés dormentes
e plantas dos pé
s quentes
nem sapatos para nós

nem comboios

nem sono, nem pele tão macia
nem tanto tu, nem pouco eu
nem luz definida e sons
que não gosto

na cabeça aos pés
no perímetro das unhas
nem tamanho, nem vazio
nem cheio nem tudo e nada

nem: "o que é que tive que fazer?"
"hoje durmo acordado."

nem respeito
nem saúde
nem "santinho"
nem normal
nem loucura
nem beijos, nem boca, nem
pernas, nem bigos
nem dedos,
nem olhos
nem outros orifícios
nem saudade

nem memória
nem sonho nem paz
nem calma
nem dor
nem estômago, chuveiro,
portas, espaço, cadeiras,
eterno, nem músculos,
nem pêlos, nem não,
nem: "desculpe lá, mas
eu queria dizer aquilo"
nem frio
nem ni!
nem ruís que não quero
nem sóis que não tremem
nem dez dedos de valsa
pelas minhas não-costas
nem figuras enterradas
nem passado
nem agora; já passou.
nem dinheiro, super-cola,
matemática, gonorreia, sexo em
grupo, nem números e
telefones, nem dores na
televisão, nem não.

nem não nem esperar-nos
aqui, porque é aonde estamos
lá.

nem primeiras intenções
nem lençóis
nem edifícios e xocolate
não palavras.

há uma xávena gigante com umalice
em equilíbrio.
e sorrisos

nem nunca te sonhei assim

- sem título

dou-te uma hora, uma tarde
uma vida das minhas sete de gato:
é beijo de aranha
pequenina,
no gás de uma bebida adocicada
do perfume cítrico da mandarina,
no toque áspero e demorado
da língua
que deposita
a gota anímica.,
frenética da minha sede de ti, em ti

- urgente

urgente!

um cheiro forte
e quente, que processe a fadiga
da narina

porque a minha luz é a mais fraca

e a chuva repica
sempre igual, num branco

uniforme

de mar cinzento
escuro.

“É bom ver os teus olhos de manhã, deve ser
bom vê-los antes de tudo.
Por isso, só abro os olhos quando tu apareces.”*


quando acordas
o odor do nosso corpo percorre os
muros
telhados
perfura as sopas dos vizinhos,
escorrega
nas frinchas.

num raio de sol (in)rompe-me as narinas,
predomina lentamente
todos os espaços
da cabeça

previnindo
um óptimo pretexto
para despertar.

*Nair Penafort, in “Percurso da Sensualidade”

BRASIL





José Carlos Lima

José Carlos Lima nasceu em São Paulo Brasil trabalhou em várias coisas do tipo office-boy, auxiliar de escritório, auxiliar de importação, emissor de bilhetes aéreos nacionais e internacionais, depois cansou de tudo porque não ganhou vintém e se bandeou para os grafiteiros de São Paulo, Rio Araraquara (onde foi preso duas vezes por vandalizar o património público), depois foi morar em Paraty e virou cozinheiro e começou a fazer colagens, cartas e os primeiros poemas, em noventa e dois chega a Lisboa onde perambula por um ano depois faz o curso de artes plásticas enquanto trabalha numa oficina de restauros de azulejos e réplicas de faiança, termina o curso e vai criar uma oficina aberta de artes plásticas num programa chamado Contigo Vais Longe.

Hoje José Carlos Lima cozinha pinta e escreve poemas e edita um fanzine chamado O Viado que é distribuído nos meios que se dizem Gay em Lisboa mas que não passam de Sorrow.

Novíssima Canção do Exílio

(revista e aumentada)

Minha terra tem paineiras

Tem bananeiras tem ipês

Fruteiras nas cabeças

E muitos parangolés

Tem duas estações

Faça chuva ou faça sol

Está
dios aos domingos

Missa praia e farofa de macumba

Putinhas de todas as cores

Rapazes p'ra todo o serviço

Tem políticos imexíveis

(segundo o novíssimo dicionário)

Mas é tão longe a minha terra

Que dá preguiça até pensar...

Bom mesmo é via Internet.

O poeta vaga-lume

Sonha ser a cigarra que acorda

E fica na cama fumando

Em companhia da lagarta da Alice

E da Aurora que traz o dia flamejante

Então a cigarra vira formiga

Antes que o sol ofusque

Escaldante

As cores do céu que acontece

Na tela em que pinta o dia

Cada uma na sua

A cigarra na cama

A formiga na praça

E dentro de casa a comida

Que serve de âncora e pasto

Aquece os convivas

Cansada

A formiga volta

Vira poeta dorme

E sonha com vagalumes

Poetas que fumam cigarros

Ouvindo os miados do gato da Alice

Célere passa a outra Aurora

A nova outrora

E amanhecida

Já é outro dia

Hoje talvez haja arco-íris

Com a chuva e com o sol

Que vai fazer

Não sei

É mais uma chama.

Banquete de Nada

Any, dei um jantar boca livre

Servi palavras de sentimentos

Guardei os rancores para outro banquete

Desfieei bem desfiadinho todas as boas lembranças

E refoguei no bom azeite da maturidade

Em fogo breve da existência

Apaladei com os perfumes exóticos de tudo que vi

Depois adocei com os beijos de todos os romances

E reservei "no escaninho da alma"

Este recheio

Só
para tomar gosto

Enquanto preparava a massa

Que dever ser feita com alegria

Concentração energia física

E deve ser amassada trabalhada suada
esticada acariciada e depois de tudo isso

Descansar o tempo necessário

Daí acendi o fogo da paixão

Deixei aquecer bem

Estiquei a massa

No tabuleiro da compreensão

E rechei com as alegrias

Por cima desenhei ideogramas

Com a gema do ovo de Colombo

Assou no tempo da paciência

E servi

Uma página inteira

Vazia

Para cada comensal

Aquela quitanda sobrenatural

Num banquete de nada

Estava servida e acompanhada

Di-vino o mais inebriante

Escarlate.

INDICE

FESTIVAL POÉTICO

Presentado por
CARLOS BLANCO

LIMIAR _____	5
Manolo Rivas _____	7
PRESENTAÇÃO _____	9
S.C.D. Condado _____	11
POETAS	
GALIZA _____	13
Marcos Abalde _____	15
Samuel Solleiro _____	25
Roi Vidal _____	33
Salvador Calderón de Anta _____	39
Daniel Salgado _____	45
Eugenio Outeiro _____	53
Kiko Neves _____	59
Estevo Creus _____	67
Brais González _____	79
Asunción Arias _____	85
Fátima Peón _____	93
Marga Ledo Andión _____	107
M. ^a Sarria _____	113
Miguel Anxo Fernán-Vello _____	117
EUSKADI _____	121
Jon Etxeaindia _____	123
PORTUGAL _____	129
Ana Silva Faria _____	131
BRASIL _____	141
José C. Lima _____	143



Este livro nom seria possível sem a colaboraçom de Nolim que coordenou a poetas e poetisas galegas junto com Teresa e Jose; e José Faria quem facilitou a presença de Portugal e do Brasil, assim como Ricardo que conseguiu a de Euskal Herria.

Alias se contou com a promoçom de
Adegas Galegas S.A, Granxa Fillaboa S.A. e Adegas "AS LAXAS".
Com a colaboraçom do Concelho de Salvaterra.

